

Contrato de precariedade para enfermeiras/os. NON GRAZAS!!

Un paso mais na cronificación da precariedade laboral do SERGAS

Con data 3 de xullo de 2019 na comisión de seguimento do chamado nomeamento de continuidade ou estabilidade do persoal do SERGAS, as organizacións sindicais que o asinaron, acordaron estender este contrato, que en principio só era para médicas/os, **as/os enfermeiras/os**.

Cando menos deberían gardas as formas, a negociación deste nomeamento é competencia da Mesa Sectorial!

As comisións de seguimento non teñen competencia para negociar novos acordos, a súa competencia é para vixiar e interpretar o correcto funcionamento do acordo asinado.

Sorpréndenos este acordo, é que ningunha destas organizacións sindicais, nin o SERGAS, escoitaron o rexeitamento que este contrato provocou no persoal médico?

Este nomeamento consolida a precariedade laboral e se caracteriza por:

- Incrementar a **dispoñibilidade** horaria e de mobilidade xeográfica das/os enfermeiras/os.
- Non respectar **as libranzas**. O problema da precariedade non é asinar 20 contratos nun mes, se non que durante eses 20 días prestas servizos en distintos servizos ou unidades e sen ter as túas correspondentes libranzas.
- Non ter unha **carteleira estable**. Non vas coñecer a totalidade da túa carteleira mensual, nin os sitios nos que vas traballar.
- Estender o réxime de prestación a **mais de dous centros** do mesmo distrito sanitario. Poderá ser no mesmo día?
- Cubrir os PACs con *contrato de gardas* e non con contrato de xornada ordinaria. Isto supón que con esta modalidade as/os enfermeiras que asinen este vínculo non cobrarán as retribucións de atención continuada: noites e festivos.
- E o peor, con este acordo as **futuras prazas estables** (interinidades e OPE) que se creen na categoría poderán ser **coas condicións de prestación de servizos recollidas nel**.

O SERGAS ten que rematar xa coa modalidade de contratación en precario e non cronificar esta situación.

CIG-SAÚDE esixe a retirada inmediata deste vínculo de precariedade laboral que se pretende aplicar tamén as/os enfermeiras/os.

Esiximos a convocatoria dunha **Mesa Sectorial** para abordar, con urxencia, a **precariedade laboral no SERGAS** e que se adopten as medidas necesarias para rematar coa mesma, creando **prazas estables**. E para poder incrementar o número de prazas, esiximos **rematar coa taxa de reposición**.

Así mesmo esiximos que **se cubran as ausencias das/os titulares e non a súa carteleiras**, para eliminar os contratos por días, por horas, que o único que provocan é que o persoal non teña dereito ao desfrute das súas libranzas.

Outra política de persoal é viable para garantir a calidade asistencial.

Outra política de persoal é posible para non condenar as/os nosos profesionais a MIGRACIÓN.